

Tema 4. A РУССКАЯ РЕВОЛЮЦИЯ (Russkaya Revolyutsiya-A REVOLUCIÓN RUSA)

1. RUSIA ANTES DA REVOLUCIÓN.

A economía e a sociedade rusas estaban moi atrasadas en comparación con outras zonas de Europa e o sistema político descansaba no poder absoluto do tsar. O réxime sustentábase sobre tres piares:

- A nobreza, que concentraba nas súas mans a propiedade da terra.
- Os altos cargos da Administración e do Exército que exercía a censura e o control político.
- A Igrexa ortodoxa, co mesmo tsar como xefe supremo.

Durante o reinado de Alexandre II (1855-1881), intentouse aplicar unha serie de reformas na economía e na Administración, pero sen cuestionar o poder absoluto do tsar nin os privilexios da nobreza terratenente.

Unha das principais medidas foi a abolición do réxime feudal, Os resultados foron limitados, pois non mellorou a produtividade da terra e moitos campesiños seguiron vivindo na extrema pobreza e afogados polas débedas.

A raíz do atentado ao tsar Alexandre II os intentos reformistas abandonáronse. Durante os reinados de Alexandre III (1881-1894) e Nicolao II (1894-1917) retornouse ao imobilismo político e reprimiuse toda forma de oposición.

A modernización económica proseguíu nos anos finais do século XIX cun proceso de industrialización limitado e reducido a certas zonas (San Petersburgo, Moscova, áreas de Ucraína). Concentrouse en grandes complexos industriais cunha gran presenza de capital estranxeiro.

O desenvolvemento industrial deu lugar a importantes cambios sociais. Nos núcleos urbanos xurdiron novas clases medias e obreiras. Aínda que a poboación rural seguiu sendo predominante, nas novas clases medias apareceron faccións de oposición ao réxime que postularon cambios políticos.

1.1. **A oposición ao tsarismo**

Os partidos políticos estaban prohibidos, pero a oposición foi organizándose.

1.º. Os anarquistas formaron unha organización, A Vontade do Pobo, que asasinaría o tsar Alexandre II en 1881.

2.º. Os socialistas revolucionarios: en 1898, fundouse o Partido Obreiro Socialdemócrata Ruso (POS DR), de inspiración marxista. Nel destacou axiña a figura de Vladimir Ilich Uliánov, máis coñecido polo pseudónimo de **Lenin**. En 1903, produciuse a ruptura entre os menxeviques e os bolxeviques no seo do partido.

- **Menxeviques** (minoritarios en ruso) defendían que Rusia debía pasar por unha revolución burguesa e desenvolver unha economía capitalista antes de emprender a revolución socialista.

- **Bolxeviques** (maioritarios en ruso) tiñan como obxectivo derrocar o tsarismo e establecer unha «ditadura democrática revolucionaria provisional do proletariado e do campesiñado». Concibían o partido como unha organización ferreamente disciplinada, e os seus militantes debían acatar o programa e dedicarse por enteiro á revolución.

3.º. A burguesía liberal formou o Partido Constitucional Demócrata (KDT) ou **cadetes**. Pretendía transformar o réxime absoluto tsarista noutro constitucional, no que se respectasen os dereitos individuais.

2. A REVOLUCIÓN DE 1905.

A situación económica e a axitación social de Rusia nos primeiros anos do século XX convulsionaron o réxime dos tsares. O descontento do campesiñado ruso, empobrecido e defraudado polas medidas reformistas, materializouse en axitacións e atentados. Ademais, as derrotas rusas en 1905 na guerra entre Rusia e Xapón provocaron o descrédito do tsar.

Tema 4. A РУССКАЯ РЕВОЛЮЦИЯ (Russkaya Revolyutsiya-A REVOLUCIÓN RUSA)

O descontentamento dos obreiros expresouse nunha serie de folgas en San Petersburgo. En xaneiro de 1905, unha manifestación pacífica de traballadoras e traballadores ante o Palacio de Inverno, residencia dos tsares nesa cidade durante os meses máis fríos, terminou de maneira trágica. Os manifestantes querían presentar ao tsar as súas reivindicacións, nas que reclamaban que se puxese fin aos abusos, se recoñecesen os dereitos e as liberdades, e se sentasen as bases para unha democracia representativa. A garda do tsar abriu fogo contra eles e causou centenaes de mortos e feridos; por iso se coñece ese día como **domingo sanguento**.

A dureza da represión provocou unha condena internacional e foi o detonante dun movemento revolucionario. A axitación social e política xeneralizouse nunha vaga de folgas, levantamentos, motíns e reclamacións:

- O campesiñado esixiu a fin dos abusos dos terratenentes.
- A clase obreira organizou comités de folga e formou espontaneamente os primeiros consellos obreiros ou **soviets**. O máis activo foi o soviet de San Petersburgo, presidido por Lev Davidovich Bronstein, máis coñecido como Trotsky.
- Os partidos políticos clandestinos desataron unha activa oposición contra a guerra e coincidiron no seu obxectivo de derrocar o réxime tsarista.
- O descontentamento aflorou tamén no seo do exército: os sucesos máis destacados foron o **motín do acoirazado Potemkin**, da frota do mar Negro, e a rebelión das tropas que regresaban de Extremo Oriente tras a derrota de Rusia ante Xapón.

Finalmente, o tsar anunciou no Manifesto de Outubro unha serie de medidas de carácter liberal: Concedíanse un conxunto de liberdades civís precedidas de liberdade de conciencia, de expresión, de reunión, de asociación. Creábase un réxime representativo, cun Parlamento, a **Duma**, elixida por amplo sufraxio e con poderes lexislativos. Este manifesto calmou a oposición liberal e permitiu a Nicolao II sufocar a revolta, arrestando os dirixentes dos soviets de San Petersburgo e Moscova.

O fracaso das reformas: A Revolución de 1905 creou expectativas de profundas reformas. Os liberais aspiraban a establecer un réxime político democrático; o campesiñado confiaba en que a Duma levaría a cabo unha auténtica reforma agraria; e a clase obreira esperaba mellorar as súas condicións de vida e de traballo. Pero as reformas foron moi limitadas e o poder absoluto do tsar apenas diminuíu. A Duma tiña un poder lexislativo moi limitado, xa que o tsar se atribuíu o dereito a vetar calquera lei.

3. A REVOLUCIÓN DE FEBREIRO E A CAÍDA DO TSARISMO

O 23 de febreiro de 1917 (marzo, segundo o calendario occidental), o estalido dunha protesta nunha fábrica de armamentos iniciou unha revolución espontánea en Petrogrado (novo nome de San Petersburgo). A cidade quedou paralizada pola folga xeral.

As folgas e manifestacións contra a guerra e as pésimas condicións de vida dos traballadores seguiron e estendéronse a outras cidades, como Moscova. O 26 de febreiro produciuse unha sanguenta represión por parte do exército, pero ao día seguinte as tropas da guarnición de Petrogrado, enviadas para reprimir os manifestantes, uníronse aos folguistas.

Menxeviques e bolxeviques integraban o sector revolucionario, que esixía reformas democráticas e a fin da guerra. Ademais, eran partidarios de destronar o tsar, suprimir a propiedade privada e a sociedade de clases, así como de anular a débeda exterior rusa.

Nicolao II dissolveu a Duma e isto empurrou tamén aos liberais (cadetes) a opoñerse ao tsar, que quedou practicamente sen apoios. O 2 de marzo, Nicolao II abdicou e ao día seguinte formouse un **Goberno provisional** do que os membros procedían na maioría do partido dos cadetes. Este goberno adoptou unha serie de reformas:

- Declarou unha amnistía para os presos políticos.
- Recoñeceu as liberdades civís e dissolveu a policía tsarista.
- Prometeu entregar as terras dos terratenentes ao campesiñado.

Tema 4. A РУССКАЯ РЕВОЛЮЦИЯ (Russkaya Revolyutsiya-A REVOLUCIÓN RUSA)

- Comezou a preparar a elección por sufraxio universal dunha Asemblea Constituínte como paso previo a unha república parlamentaria.
- Recoñeceu o dereito á independencia de Finlandia e Polonia.

Con todo, o Goberno provisional mantivo os seus compromisos na guerra e pospuxo reformas básicas, como a agraria, ata o final do conflito. O Goberno, débil, carente dun aparato policial, cun exército de soldados que cuestionaban a autoridade dos seus oficiais e apremado polos problemas da guerra, atravesou sucesivas crises. A permanencia de Rusia na Primeira Guerra Mundial enfrontou o Goberno cos menxeviques e cos bolxeviques, partidarios dunha paz inmediata.

As teses de abril e conquista do poder

Nesta situación produciuse a crise de abril, cando Lenin expuxo nas «teses de abril», a liña política dos bolxeviques, o máis radical dos partidos revolucionarios. Propoñía a ruptura co Goberno provisional e cos seus «colaboracionistas» (menxeviques e socialistas), e a necesidade de pasar da revolución burguesa á revolución socialista.

Para facerlle fronte á crise, menxeviques e socialistas formaron un novo goberno de coalición xunto aos cadetes.

En xullo de 1917, tras fracasar a ofensiva rusa na fronte, incrementouse a oposición dos bolxeviques á guerra. Organizaron unha manifestación armada para facerse co poder. O Goberno provisional ordenoulles ás tropas que disolvesen a manifestación e o Partido Bolxevique foi declarado ilegal. Lenin fuxiu a Finlandia e Trotski foi metido no cárcere.

Entre setembro e outubro, os bolxeviques convertéronse na alternativa mais popular ao Goberno provisional. As condicións de vida en Rusia empeoraron notablemente a causa do desabastecemento e do caos administrativo. Nas cidades, os comités de fábrica fixéronse co control de moitas empresas. O campesiñado esixiu a entrega das terras. Os soldados reclamaron o final da participación no conflito mundial.

Lenin aproveitou o caos para tomar o poder inmediatamente. O 9 de outubro regresou de forma clandestina a Petrogrado desde o seu exilio e o día 10, nunha reunión secreta do Comité Central do Partido Bolxevique, convenceu os seus compañeiros para que adoptasen, por maioría, o principio da insurrección armada.

4. A REVOLUCIÓN DE OUTUBRO

Na noite do 24 de outubro, as tropas que eran leais aos bolxeviques e á Garda Vermella ocuparon os bancos, as centrais telefónicas e mais as estacións de ferrocarril. O 25 asaltaron o Palacio de Inverno, sede do Goberno, ao que apuntaron cos canóns do cruceiro Aurora. As tropas bolxeviques detiveron os membros do Goberno. Paralelamente, reuniuse o II Congreso dos Soviets de toda Rusia. Menxeviques e socialistas protestaron ante o que consideraron un golpe de Estado dos bolxeviques e abandonaron a sala, o cal posibilitou que a delegación do Partido Bolxevique contase con maioría.

A creación do Estado soviético

Amparados pola maioría dentro do II Congreso dos Soviets, **Lenin e Trotski** formaron un novo Goberno. O Goberno estaba presidido por Lenin e constituído por quince persoas, entre elas Stalin e Trotski.

O Congreso dos Soviets adoptou unha serie de medidas decisivas para constituír un Estado socialista soviético. O 26 de outubro Lenin asinou varios decretos; dous deles, de grande importancia:

- O decreto sobre a paz, polo que se convidou aos gobernos en guerra a unha paz xusta e democrática, sen anexións nin indemnizacións. O abandono da contenda mundial era unha das principais demandas populares.
- O decreto sobre a terra, polo que se anunciou a expropiación das terras dos grandes terratenentes, da Coroa e da Igrexa, e a súa entrega aos soviets do campesiñado. Aboliuse o dereito á propiedade privada sobre a terra, que non podía venderse, comprarse nin arrendarse.

Tema 4. A РУССКАЯ РЕВОЛЮЦИЯ (Russkaya Revolyutsiya-A REVOLUCIÓN RUSA)

Con estes decretos, os bolxeviques conseguían poñer da súa parte os soldados eo campesiñado, co que se aseguraban a permanencia no poder. Inmediatamente puxeron en marcha outras medidas para reforzar o control político e consolidar o apoio popular:

- Concederon aos soviets obreiros o control de fábricas e minas.
- Estableceron a xornada laboral de oito horas.
- Declararon a igualdade de todos os pobos e recoñeceu o dereito á autodeterminación das nacionalidades.
- Prometeron unha convocatoria da Asemblea Constituínte que se encargaría de elaborar unha Constitución.

Lenin estaba decidido a esmagar toda oposición. Para iso promulgou un decreto sobre a prensa que o autorizaba a clausurar calquera periódico que publicase opinións contrarias ao II Congreso dos Soviets. A acabada de crear policía política ou Checa encargouse de controlar e eliminar a oposición (liberais, menxeviques, socialistas e anarquistas).

Para conseguir unha paz inmediata e por separado cos imperios centrais en guerra, en novembro de 1917 acordouse un armisticio e o inicio de negociacións que culminaron coa sinatura do **Tratado de paz en Brest-Litovsk** en marzo de 1918. Alemaña impuxo as súas condicións a Rusia. Polonia e as tres repúblicas bálticas (Estonia, Letonia e Lituania) quedaron baixo control alemán, e Xeorxia, Ucraína e Finlandia accederon a independencia.

Lenin estaba decidido a impoñer unha ditadura de partido único, para o cal actuou no nome dos soviets mediante decretos.

O III Congreso dos Soviets autoproclamouse herdeiro da Asemblea e aprobou a Constitución da **República Socialista Soviética Federativa de Rusia** en 1918. A Constitución definía o novo Estado como unha ditadura do proletariado, que estaría controlada por un partido único, o Partido Comunista de Rusia.

A guerra civil.

A evidencia de que os bolxeviques pretendían instaurar un sistema totalitario mobilizou a oposición. A máis importante constituíuna o chamado **Exército Branco**, tropas organizadas por antigos oficiais tsaristas, que protagonizou a resistencia armada e provocou o estalido da guerra civil en 1918. Os «brancos» contaron co apoio de Reino Unido, Francia, Estados Unidos e Xapón, que achegaron capitais, tropas e armamento. O seu obxectivo era derrocar o réxime bolxevique para evitar o contaxio revolucionario en Europa.

Ata 1919, a maior parte do país estivo nas mans dos «brancos», pero faltoulles o apoio da poboación. O 17 de xullo de 1918, os bolxeviques executaron o tsar e a súa familia, para evitar que os liberasen os «brancos». A partir de 1920, o Exército Vermello freou as ofensivas dos «brancos». En 1921 lanzou unha ofensiva vitoriosa que puxo fin á guerra civil. En 1922 case reconquistara as antigas fronteiras do Imperio ruso.

Durante a guerra civil instaurouse unha política económica chamada comunismo de guerra. O Estado pasou a controlar a economía, con dous obxectivos: ter recursos para gañar a guerra e acelerar a «construción do socialismo», suprimindo a propiedade privada. Nacionalizouse a industria, militarizouse a produción, suprimiuse o diñeiro e prohibiuse o libre intercambio de bens. Todo iso combinado cunha dura represión, a requisa forzosa das colleitas, o control dos sindicatos e a supresión do dereito de folga.

O comunismo de guerra foi un fracaso na orde económica. Malia o triunfo bolxevique na guerra civil, a desastrosa situación económica provocou a fame de 1921, en que morreron dous millóns de persoas. Esta situación deu lugar a un gran descontento popular que se traduciu nunha serie de folgas e rebelións.

5. A NEP E O NACEMENTO DA URSS

A **NEP** (nova política económica) era unha solución transitoria á crise, retornando parcialmente a unha economía de mercado. Admitiuse a propiedade privada no campo, as pequenas industrias e os comercios. Restableceu a economía monetaria ao acuñarse un novo rublo. Pero o Estado mantivo o control sobre a banca, a industria pesada e o comercio exterior.

Tema 4. A РУССКАЯ РЕВОЛЮЦИЯ (Russkaya Revolyutsiya-A REVOLUCIÓN RUSA)

Os resultados foron, en principio, positivos. A expansión da agricultura freou a fame e suprimiuse o racionamento. En 1927, a produción agraria e a industrial recuperáronse e alcanzaron os niveis de 1914. Pero a NEP deu lugar á aparición dun campesiñado próspero, os kulaks, e ao enriquecemento de comerciantes e empresarios.

A ofensiva política: a creación da Unión Soviética

A implantación da NEP non afectou á consolidación do réxime. Entre 1921 e 1922 endurecéronse as medidas represivas contra a disidencia interna e contra a oposición:

- Prohibíronse as correntes internas no Partido Comunista.
- As revoltas foron esmagadas polo exército.
- Exerceuse unha violenta represión contra todo tipo de oposición política.
- Os dereitos civís foron recortados, e a intelectualidade crítica metida no cárcere. Tamén a Igrexa foi perseguida.

En 1922 creouse a Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas (URSS) ou Unión Soviética, á que se federaron as repúblicas de Ucraína, Belarús, Xeorxia, Armenia e Azerbaixán.

En 1924 dotouse ao novo Estado dunha Constitución. Pero en realidade era o Partido Comunista quen exercía todo o poder. O exército e a temida policía política foron os garantes da ditadura comunista.

A Komintern.

Lenin estaba convencido de que o Goberno bolxevique non daría sobrevivido se quedaba illado. Por iso tiña que conseguir o triunfo dunha revolución proletaria mundial.

Os bolxeviques promoveron a formación dunha nova Internacional que rompese cos partidos socialistas e socialdemócratas europeos. A III Internacional, tamén coñecida como Internacional Comunista ou Komintern, fundouse en Moscova en 1919. De acordo cos principios leninistas, foi desde os comezos unha organización ferreamente centralizada e disciplinada encargada de promover a revolución en todos os países.

No Congreso de 1920, Lenin presentou as condicións para que un partido puidese adherirse á III Internacional. Con iso pretendía que todos os partidos comunistas seguisen as directrices de Moscova. Desde entón, o movemento obreiro socialista mundial dividiuse en partidos socialistas, de tendencia socialdemócrata, e en partidos comunistas. A partir de 1920 e 1921 fundáronse partidos comunistas en Europa e fóra dela. En realidade, o Komintern foi sempre un instrumento ao servizo da política exterior da URSS e para favorecer a expansión do modelo de comunismo soviético no resto do mundo.

6. A MORTE DE LENIN E A LOITA POLO PODER

Nos anos 1923 e 1924, cando se agravou a enfermidade de Lenin, comezaron as disputas entre os principais dirixentes bolxeviques para facerse co poder na URSS. Nesta loita rivalizaron, sobre todo, dous destacados dirixentes do partido:

- **Trotsky** (1879-1940) demostrara a súa capacidade política na organización da Revolución de outubro, na construción do Exército Vermello ou na negociación da Paz de Brest-Litovsk que sacou a Rusia da contenda.
- **Stalin** (1878-1953) ocupaba o cargo de secretario xeral do Partido desde 1922 e, polo tanto, controlaba todos os resortes do partido nun momento clave. Ademais, contou co apoio doutros dirixentes bolxeviques no seu propósito de illar a Trotsky.

Lenin, pouco antes da súa morte, ditou unha carta, coñecida como o seu testamento político, onde expresaba a súa preocupación polo inmenso poder acumulado por Stalin e propoñía que se substituíse por outra persoa «máis tolerante». Pero cando morreu, en xaneiro de 1924, este documento ocultouse ata o mes de maio incluso aos principais membros do Partido.

Tema 4. A РУССКАЯ РЕВОЛЮЦИЯ (Russkaya Revolyutsiya-A REVOLUCIÓN RUSA)

As diferenzas tamén se evidenciaron arredor da política económica e da política internacional. A oposición esquerdista, sobre todo Trotski, propoñía abandonar a NEP e acelerar a construción dunha sociedade socialista, impulsando as colectivizacións e a planificación estatal da economía, e ao mesmo tempo estender a revolución a Europa, a chamada revolución permanente e universal.

Como resposta, Stalin elaborou unha alternativa fronte ás críticas da esquerda. Apostaba por manter a NEP e defendía a política do socialismo nun único país, é dicir, a URSS debía construír primeiro unha sociedade socialista sen necesidade de esperar o triunfo da revolución socialista mundial.

Trotski foi destituído do seu posto de comisario do pobo para a guerra e pouco despois expulsado do partido e desterrado. Refuxiouse en México, onde en 1940 foi asasinado por axentes de Stalin.

7. O STALINISMO.

Cara a 1929, Stalin eliminara a cantos competían con el polo poder. Así, o secretario xeral logrou o dominio absoluto do Partido Comunista e, a través del, do Estado soviético, impondo un réxime autoritario de partido único e economía planificada.

A ditadura de Stalin caracterizouse por:

- O culto á personalidade do xefe, considerado infalible e con poder absoluto.
- A represión e eliminación da disidencia. Stalin acabou con calquera oposición no seo do PCUS (Partido Comunista da Unión Soviética) e colocou na dirección do partido a persoas que considerou fieis a el e, aínda así, mantívoas baixo férrea vixilancia.

En 1936 adoptouse unha Constitución que de feito legalizaba a ditadura. A URSS quedou integrada por once repúblicas e vinte rexións autónomas. En teoría recoñecía o sufraxio universal a homes e mulleres maiores de dezaioito anos, pero só os membros do PCUS podían ser candidatos e non había eleccións libres. Progresivamente, os cargos do Partido Comunista foron formando unha burocracia privilexiada.

En 1934, Stalin creou unha nova policía política responsable da seguridade do Estado, que foi un instrumento de represión. A política do terror aplicouse por medio dos programas de **purgas**, que alcanzaron ao PCUS, ao exército e ao conxunto da sociedade. O punto culminante das purgas alcanzouse entre 1936 e 1939 cos procesos de Moscova. Miles de opositores de esquerda e de dereita foron executados e millóns de persoas foron enviadas a campos de traballo (**gulags**). En 1929, Stalin decidiu utilizar o traballo forzado de delinquentes e presos políticos na industria e a explotación de recursos naturais en rexións inhóspitas do Ártico, Siberia e Asia central.

A partir de 1928, Stalin abandonou o seu apoio á NEP e inclinouse polo reforzamento da planificación e do control da economía por parte do Estado.

A colectivización da agricultura

Entre 1929 e 1933, colectivizouse a agricultura. O Goberno ordenou acabar coa propiedade privada no campo e forzar o campesiñado a integrarse en granxas colectivas do Estado.

A desmoralización e a mala organización provocaron que moitas granxas resultasen ineficaces. Entre 1932 e 1933, produciuse outra gran fame con millóns de vítimas. Foi especialmente cruel en Ucraína, onde uns 7 millóns de persoas morreron de fame. É o chamado Holodomor, negado pola propaganda soviética e, posteriormente, pola rusa. A Unión Europea recoñeceu en 2008 como «un crime contra a humanidade».

Só a partir de 1934 a agricultura comezou a recuperarse, pero a súa supeditación á industria foi un dos constantes puntos débiles da economía soviética.

Os plans quinquenais

A política industrial de Stalin tiña dous propósitos: crear unha potente industria pesada que superase a dos países capitalistas avanzados e lograr a independencia económica, tecnolóxica e militar. Para alcanzalos, deseñáronse os plans quinquenais cuns obxectivos para cumprir en cinco anos.

- O primeiro plan quinquenal (1928-1932) centrouse na industria pesada.

Tema 4. А РУССКАЯ РЕВОЛЮЦИЯ (Russkaya Revolyutsiya-A REVOLUCIÓN RUSA)

- O segundo plan quinquenal (1933-1937) centrouse no reforzamento da industria de armamento, o que supuxo multiplicar por dez o gasto militar.
- O terceiro plan quinquenal (1938-1942) foi interrompido en xuño de 1941 pola Segunda Guerra Mundial.

O resultado foi un extraordinario desenvolvemento da industria pesada e militar, pero á conta do nivel de vida da poboación, xa que as industrias de bens de consumo apenas avanzaron.